

12:59 PM

Este verán Os Bolechas percorren Galicia co Sabichón! Se tes un fillo/a entre 3 e 9 anos, non o podes perder. Consulta a axenda en <http://ir.gl/84872c>



Menu 1:33 PM

Gústache andar? Queres saír coa familia á natureza? Entón busca a túa ruta en www.roteirosgalegos.es/ e goza das nosas paisaxes!

Todas as dúbidas que teñas sobre a ortografía, o significado ou a pronunciación dunha palabra podes resolvelas *on line* no Dicionario da Real Academia Galega <http://ir.gl/9b9314>



SAMSUNG

12:45 PM

BlackBerry

12:21

Unha noticia para pensar: nas Illas Baleares tres de cada catro familias elixen o catalán como primeira lingua na escola <http://ir.gl/21b53b>. Orgullosos da súa lingua!

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística deséxavos a todos e a todas unhas **boas vacacións!**

Para estar ao tanto da música galega e da axenda de concertos deste verán, deberías visitar www.gzmusica.com



Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación:tallerDD.com

1 ao

2 abc

3 def

A pregunta

Teñen os nenos/as demasiadas vacacións?



Responde: Belén Caballo Villar

[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago]

Grandes e pequenos precisamos desconectar das rutinas dos horarios, dos traballos, do estudo... non só para descansar e repoñer forzas, senón tamén para gozar e aprender facendo cousas diferentes, en contextos distintos dos habituais, con menos presión. Por iso as vacacións son importantes.

As vacacións escolares non son moitas, o problema é que están mal distribuídas. Os tempos de traballo e de descanso deberían repartirse equilibradamente ao longo do curso para favorecer unha maior continuidade dos tempos educativos, pero esta cuestión habería que abordala, cando menos, repensando tres ideas.

A primeira, necesitamos con urxencia maior flexibilidade nos horarios de traballo e nos escolares, de xeito que as familias poidamos garantir o noso dereito –e necesidade– a compartir tempos, a relacionarnos, a convivir, a acompañar ás nosas fillas e fillos máis aló das présas para chegar a todas as actividades e labores cotiás.

A segunda, non podemos confundir os tempos escolares cos tempos de traballo do profesorado, pois son cuestións diferentes. Os centros educativos teñen que abrir as súas portas máis aló dos horarios escolares, deben incorporar outros profesionais e transformarse en espazos educativo-culturais comunitarios.

A terceira, fai falta un maior compromiso social para que, sobre todo as administracións, ofrezan oportunidades interesantes para eses tempos de vacacións escolares que non acaban de encaixar coas laborais. Non todas as familias teñen as mesmas posibilidades e cómpre evitar que as vacacións se convertan en tempos de exclusión, especialmente nesta etapa de involución das políticas públicas.



O tema

Cando para algúns alumnos/as remata o curso, para outros/as comeza. En dous meses teñen que recuperar aquilo que non puideron ou non quixeron facer en nove. A orientadora Cristina Galdo ofrécenos ás familias algunhas claves para poder axudarlles aos nosos fillos/as a conseguilo.

Pódese recuperar o curso no verán?

Cristina Galdo Leal

[Orientadora]

Poder, pódese. Pero custa. Moito máis do que tería custado durante o curso. Por iso, a primeira reflexión que cómpre facer é: logo de nove meses a razón de seis horas diarias entre as paredes do instituto, por que o voso fillo/a non acadou os obxectivos? Canto tempo dedicou fóra do centro ao traballo académico, e como organizou ese tempo? Todas estas cuestións deberían levar a facer unha avaliación do acontecido que lle permita corrixir os erros e que a situación non se volva repetir o ano que vén. Queda moito traballo por diante, pero é posible conseguilo. Velaquí van algunhas claves:

OBXECTIVOS

Que se fixe metas realistas. Non hai cousa máis frustrante ca non ser quen de cumprir os obxectivos que un mesmo se fixa. Que planifique a curto prazo –que vai facer hoxe–, pero tamén a medio –que vai facer esta semana–, e xa coa vista posta nos exames, a longo prazo –que quere acadar de aquí a setembro–. Que organice a materia de xeito que a poida ver toda e deixe varios días para un repaso final.

PLANIFICACIÓN

Ten que pensar que materias, das que lle quedaron, lle van esixir máis horas, para repartir ben o tempo. Que organice



as sesións de estudo tendo en conta a curva da concentración: hai un período de quecemento no que é mellor estudar contidos de dificultade media, un pico de concentración que debemos reservar para o máis difícil e, por último, unha fase na que o cansazo se vai notando, na que pode abordar o que lle resulte máis doado.

CONSTANCIA

Debe estudar todos os días –pode establecer o–. O cerebro funciona como un músculo, haino que ter adestrado

para que sexa capaz de render. Se un día decides facer deporte e pasas 6 horas no ximnasio, ao día seguinte terás tales maniotas que abandonarás a idea de adestrar. O mesmo sucede co estudo, se non se ten o hábito adquirido, o ideal é empezar con menos tempo e aumentalo progresivamente.

AVALIACIÓN

Que faga probas escritas

de cando en vez, ou que lle pida a alguén que lle pregunte a materia de xeito oral. Que cambie os datos dos problemas que fixo na clase e que os repita varias veces. Ir avaliando o seu propio progreso daralle unha idea clara de como vai, en que aspectos ten que mellorar ou volver a incidir. Ademais, se o toma como un xogo e se vai poñendo retos de maior complexidade, pode avaliar o seu progreso e ao mesmo tempo quitarlle algo de rutina ao traballo.

DESCANSO

Tan importante como planificar o tempo de estudo é ter establecidos períodos de lecer e descanso. Loxicamente, isto non o poderá facer igual se suspendeu unha materia que se foron nove, pero incluso neste caso cómpre ter todos os días tempo para facer algunha actividade, preferiblemente ao aire libre. Durante as sesións de estudo, debe parar, polo menos, cinco minutos cada hora para evitar a fatiga excesiva.

CONFIANZA

Pódeo facer. De verdade. Confía nas súas posibilidades e transmítelle esa confianza. Se traballa arreo, os resultados chegarán, seguro!



{RECUPERAR...O SUSPENSO}

Remata o curso, e con el os apuros dos últimos días de exames e recuperacións. E xa co boletín de notas na man, paramos un anaco a pensar na utilidade dese papeliño.

As notas tratan de informarnos sobre o traballo realizado e tamén sobre o nivel de coñecementos adquirido durante o ano. Son basicamente iso, información. E como tal deberamos recibilas. "A información é poder", di a frase. As cualificacións finais teñen que servir para analizar situacións dun xeito honesto e, polo tanto, rectificar erros e perseverar

en acertos. Nin máis nin menos. Mágoa que

algo tan obvio resulte tan complicado. E é que temos andazo: a "suspensofobia".

Fuximos do suspenso coma da peste. Nin os profes queremos poñelos nin os pais recibilos. Outorgámoslles demasiado

poder: o poder de vulgarnos como pais e como docentes. Porén,

as notas son información poderosa, pero, sobre todo, para corrixir rumbos.

Son a alarma necesaria que nos

anticipa problemas, que, de non seren tratados, chegarán a converterse en dificultades insalvables.

Se hai infección, hai febre. Tapando a febre curamos a infección?

Boas vacacións!!



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler e escoitar

Estamos no verán!!! [Xoán Curiel e Charo Pita. Ed. Galaxia]. Orixinal proposta da editorial Galaxia, unha novela-disco con texto de Charo Pita, música de Xoán Curiel e ilustracións de Iván R. Un diario dun mozo que no verán é quen de realizar o seu soño, que non é outro que ter un grupo de música. E como o verán está cheo de maxia e de amizade, compartiremos a música co seu diario. Pero... volver ás aulas non é tan malo!



Para escoitar e bailar



Brinca Vai! [Paco Nogueiras. Ed. Kaladraka]. Da editorial Kaladraka chega a proposta dun disco-álbum de Paco Nogueiras con ilustracións de David Pintor. Unha ducia de cancións que percorren momentos tradicionais do noso país coma o Samaín ou o Magosto, con variedade de estilos que van dende o tecno ao rap, do pop ao rock ou da música electrónica á tradicional... Iso, si, sempre baixo unha ledicia cómplice que nos contaxia dende o primeiro momento.

Para ler e recitar

As redes de Inés [Elvira Riveiro. Ed. Xerais]. Non esquezamos a poesía no verán. Elvira Riveiro ofrécenos mediante a editorial Xerais un poemario sobre un oficio tradicional. A protagonista do poemario é Inés, unha redeira que herda e que leva baixo o seus ombreiros o pasado mariñeiro do pobo. Poemas curtos, rimados, xogando coas palabras e a súa expresividade. Léxico propio mariñeiro co que aprenderemos os que somos do interior e que degustaremos se somos da costa. Un libro ilustrado por Fino Lorenzo que nos achegará ao mar en plenas vacacións.



Da lingua

A lingua do ascenso

Aínda que somos reticentes a falar de fútbol, pola súa abafante presenza nos medios de comunicación, desde *Ollos de aula* queremos brindar tamén polos éxitos deportivos dos dous equipos galegos que compiten na elite: dunha banda, o Celta de Vigo, que asegurou unha temporada máis a súa continuidade na primeira división, e doutra, o Deportivo da Coruña, que conquistou o seu dereito a xogar na máxima categoría da liga profesional.

Celebramos, sobre todo, o éxito persoal do adestrador Fernando Vázquez, nado en Castrofeito, pois vén de confirmar, unha vez máis, non só a súa excelente traxectoria como técnico, senón, sobre todo, o seu compromiso coa lingua propia de Galicia, pois, de modo natural e consciente, úsaa como un signo distintivo en todas as súa roldas de prensa, a carón doutros idiomas que, por suposto, coñece, usa e respecta.

E esta actitude lingüística de Fernando Vázquez dá pé a unha reflexión de carácter xeral: o idioma galego, para seguir existindo, non precisa de grandes declaracións de amor nin de estudos científicos que demostren a súa utilidade. Moi polo contrario, só precisa de

aplicarmos a táctica que o adestrador do Deportivo ensaiou co seu equipo: orgullo e profesionalidade, agarimo e confianza nas propias capacidades, para así acadar a gloria do ascenso.

Por iso, alegrámonos de que a nosa lingua ocupe os grandes estadios, para competir sen complexos tanto en Riazor como en Baíaídos, sentimento de primeira con afouteza e corazón.

